

3

Obxectivos desta unidade

Pedir ou dar información sobre horarios

Identificar obxectos

Describir unha xornada habitual

Que hora é?

Coñecemento do código

As partes do día

As horas

Algúns obxectos da vida cotiá

As cores


O presente de indicativo de IR, FACER e HABER (impersoal)

O presente de indicativo: reflexivos (ERGUERSE, VESTIRSE)

O artigo indeterminado

Os dígrafos

As nasais: m, n, nh, ñ






ACTIVIDADE INTRODUTORIA



1. Vas escoitar dúas historias. Indica cal delas se corresponde con cada unha das tiras de imaxes e identifica o fotograma que se lle escapou ao debuxante en cada tira e que non forma parte da historia.



GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS

A HORA

- Que hora é? - Tes / ten hora? - Poderías / podería dicirme a hora? Son as catro **e** dez
- É a unha (en punto) / Son as dez (en punto) Son as sete **e** vinte e cinco
- É a unha e cuarto / Son as tres e cuarto Son as oito **menos** vinte
- Son as dúas e media Son as nove **menos** cinco
- Son as cinco menos cuarto



2. A. Aquí tes seis reloxo de agulla e seis reloxo dixitais. Emparéllaos coa hora correspondente.

De agulla:

Son as doce en punto


Son as once e media

Pasan vinte minutos das oito

É a unha e cuarto

Faltan cinco minutos para as dúas

Son as dez menos vinte



Dixitais:

Son as once e trinta

Son as oito e vinte

Son as nove e corenta

Son as doce

É a unha e quince

É a unha e cincuenta e cinco



B. Hai algún reloxo que coincida no horario? Fíxate nas diferentes maneiras para indicar a mesma hora.



3. Que hora marca...?

a) o reloxo de parede:


b) o reloxo dixital:

c) o reloxo de pulso:

d) o reloxo do campanario:

e) o despertador:

f) o reloxo de pé:





4. A QUE HORA ABRE...? QUE HORARIO TEN...? A QUE HORA PECHA...?

A. Fíxate nas seguintes construcións.

a. —Que horario ten a librería Andel?

—A librería abre **dende** as dez **ata** as dúas da tarde e **dende** as catro **ata** as oito do serán.

—A librería pecha ao mediodía, **entre** as dúas e as catro.

b. —A que hora pecha o museo?

—Ás nove en punto!

B. Agora relaciona as imaxes da dereita coas indicacións da esquerda.

A cafetería abre **dende** as oito da mañá **ata** as dez da noite.

O pub abre dende as once da noite ata as catro da madrugada.

O comedor pecha entre as catro e as oito da tarde.

A oficina de correos pecha entre as dúas e as tres e media da tarde.

A panadaría pecha ás nove da noite.

A farmacia está aberta as vinte e catro horas.

00:00-24:00

13:00-16:00

20:00-24:00

8:30-14:00

15:30-19:00

08:00-22:00

9:00-14:00

16:00-21:00


23:00-04:00

5. AS PARTES DO DÍA

A. Fíxate nos nomes das partes do día.

B. Tamén podes empregar as seguintes palabras para te referir ás partes do día. Serás capaz de colocar cada unha ao carón do sinónimo correspondente? Inténtao.

Amencer, serán, anoitecer








6. UNHA XORNADA HABITUAL NA VIDA DE ELISA

A. Primeiro, relaciona cada verbo coa imaxe correspondente.



Tomar algo



Erguerse

Almorzar

Conducir

Tomar algo

Traballar

Dormir

Saír

Cear

Estudar

Relaxarse

Xantar

Bañarse



B. Agora escoita o audio e intenta ordenar as viñetas que o representan.

7. A. Coñeces os elementos deste cadro? De non ser así, pídelles axuda ao teu profesor ou profesora e completa a táboa coa expresión temporal que mellor lle acaia en cada caso.

	Cando...?
cociñas	
bebes alcol	
vas de tapas	
comes comida lixo	
fumas	
les o xornal	
ves unha película	
falas unha lingua estranxeira	
escoitas música	
conduces unha moto	
escribes cartas	
coidas animais	
fas deporte	
viaxas	

sempre / todos os días

case sempre / a miúdo
acotío

ás veces

de cando en vez
algunha vez

case nunca

nunca



B. Agora compara as túas respostas coas do compañeiro ou compañeira.

—E ti cando cociñas?

—Pois... cociño de cando en vez.

C. E ti, que fas un día normal?

Describe que cousas fas ao longo da semana e que horarios adoitas ter.

—Érgome case todos os días ás sete da mañá e despois...



D. Por parellas, compara a túa xornada habitual coa do teu compañeiro ou compañeira. En que coincides?

Hai diferenzas no voso día a día?



DESCRIBIR OBOECTOS

Velaquí tes os nomes das cores.

OLLO!!!

o azul,
o vermello...
pero a cor azul,
a cor vermella...



Branco



Gris



Azul



Verde



Vermello



Amarelo



Rosa



Laranxa



Violeta



Negro






Marrón



Lila

E aquí tes as características dos obxectos polo tacto.

Características polo tacto



8. Agora pensa en cinco obxectos que haxa na clase e descríbello ao teu compañeiro pola cor e as súas características.

—Mmh... é unha cousa de cor branca, parece dura pero rompe con facilidade, é lisa e serve para escribir.


—O xiz?





9. QUE MALA SORTE!

A. Antón e Lorena acaban de tropezar e todo o que levaban nos seus bolsos caeu ao chan. Axúdalles ti a recollelo:



Bolso de Antón

Bolso de Lorena

B. Agora, xa saberías completar este cadro coas formas do artigo indeterminado que escoitaches no exercicio anterior?

Artigo indeterminado	
..... lapis (masculino, singular)	 billeiteira (feminino, singular)
..... medicamentos (masculino, plural)	 chaves (feminino, plural)

C. Elabora a lista das cousas que levas ti no teu bolso ou mochila utilizando os artigos determinado e indeterminado:

No meu bolso hai un/unha...

Eu levo no meu bolso un...

Teño unha...



FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

Os dígrafos

Grafía	Nome	Pronuncia	Exemplo
ch	ce hache	[tʃ]	chave
gu	gue u	[g]	guitarra
ll	ele dobre	[ʎ]	allo
nh	ene hache	[ɲ]	unha
qu	que u	[k]	queixo
rr	erre dobre	[r]	gorra



10. A. escoita as seguintes oracións e sinala cal das dúas palabras oíches:

Teño un año/ano.

Xa hai un año/ano.

A ovella ten un ano/año.

A cabra ten un ano/año.

Só pinteí a unha/uña.

Xa pinteí a unha/uña.

Corteí só a unha/uña.

Pon a unha/uña aquí.

Collo a miña cama/caña.

Quero coller a cama/caña canto antes.

Deixo a cama/caña preparada para mañá.

Se ti queres déixoches a miña cama/caña.

B. Repite ti as oracións que escoitaches.



GALEGO EN ACCIÓN



11. Hoxe é o teu primeiro día de traballo na ventá de información da estación de autobuses. Menos mal que o teu compañeiro che deixou unha nota con información sobre os buses. Responde as preguntas que vas escoitar seguindo o modelo que tes á dereita:

Verbo HABER

Hai autobuses para Vigo?
Hai algún autobús que vaia a Vigo?

Non hai autobuses.
Non hai ningún autobús que vaia a Vigo.

1. PADRÓN: ás 9:00, 11:00 e 13:00 todos os días.
2. CELANOVA: con escala en Ourense.
3. LUGO: cada hora, dársena 11 dende as 8 da mañá ás 10 da noite.
4. RIBEIRA: compañía Transbarbanza, de 10 da mañá a 10 da noite, cada dúas horas.
5. RIBADEO: buses á Mariña, ás 11:00, 13:00, 16:00 e 20:00 horas.
6. TRANSEGURO está en folga, hoxe non traballa.
7. BUSES SOUTELO: de Pontevedra a Vigo, dende as 7 da mañá ás 10 da noite, cada hora.
8. FERROL: ás 10:00, 13:00, 15:00, 17:00 e 20:00 horas.

—Por favor, a que hora sae o bus para Padrón mañá pola mañá?

—Ten tres autobuses de luns a domingo ás 9:00, 11:00 e 13:00.

—Desculpe, poderíame dicir se hai algún autobús que saia de Santiago a Celanova?

—Non, ten que ir ata Ourense e alí coller outro de Ourense a Celanova.

12. Atopa as 10 diferenzas. Saberías dicir que hai de diferente entre estes dous debuxos? Parece fácil, eh!



—No primeiro debuxo hai un..., pero no segundo é de cor...

—Na imaxe número dous non hai...

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____
9. _____
10. _____



CONTIDO SOCIOCULTURAL



13. POLA HORA GALEGA

A. Aquí tes diferentes franxas horarias e diferentes actividades cotiás. En parellas, relacionade cada actividade coa franxa horaria en que se adoita facer:

Franxas horarias:

1. De 08:00 a 11:00 da mañá.
2. Dende as 14:00 ata as 16:00.
3. Entre as 10:30 e as 11:45.
4. Pola noite e tamén antes de xantar.
5. Normalmente, á media tarde.
6. Despois de comer.
7. En moitas, as 24 horas do día.
8. De 09:00 da mañá a 20:30 da noite.
9. Entre as 09:00 e as 14:00.
10. Case sempre pola mañá, entre as 09:00 e a 13:00.
11. A partir das 8 da noite.
12. Todos os días ata as 20:30, incluídos os festivos e os domingos, pero case nunca os luns.

Actividades:

- a. Durmir a sesta.
- b. Visitar un museo.
- c. Almorzar cos compañeiros e compañeiras da clase ou do traballo.
- d. Tomar unhas tapas.
- e. Facer a compra no mercado ou na praza de abastos.
- f. Cear.
- g. Ir a correos para mandar unha carta.
- h. Xantar.
- i. Mercar nunha farmacia.
- l. Ir ao Ministerio de Facenda para cambiar o teu enderezo fiscal.
- m. Merendar.
- n. Tomar a parva.

B. Agora compara os horarios en que facemos estas cousas en Galicia coas actividades e os horarios que adoitas ter no teu país, ou os teus propios; comenta co teu compañeiro ou compañeira se hai algunha diferenza:

En Galicia, para almorzar ou tomar a parva cos compañeiros e compañeiras do traballo ou da clase adóitase parar uns 30 minutos á media mañá. En cambio no meu país...

Aquí hai o costume de mercar o xornal pola mañá, posto que a maioría dos quioscos abren de 07:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00, mentres que no meu país...

Para facer unha xestión no ministerio ou en calquera Administración pública galega, podemos ir de 09:00 a 14:00. No meu país...

Tomamos a sesta despois de xantar, un costume que non hai en...

Ir de tapas tamén é algo moi común en Galicia. Facémolo antes de xantar ou de cear. No meu país...





Certificado
Lingua
Galega

14. Logo de observar estes cadros, intenta definir estas fotografías coas características que mellor lle acaian a cada imaxe e indica ademais de que cor son. Sigue o modelo:









—Un rañaceos grande gris.











15. Estás no aeroporto esperando o avión, pero hai problemas técnicos. No aeroporto de destino tes un amigo esperando por ti. Despois de escoitar o audio, escíbelle unha mensaxe explicándolle a túa situación.



Para:

Mensaxe:

Comprender
Falar
Ler
Escribir

[illegible][illegible][illegible][illegible][illegible][illegible]